

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, informa o seguinte:

1º.- Que con data 16 de maio de 1993 a Comunidade de Goián adoptou o acordo, en asemblea xeral ordinaria, de solicita-la anulación do consorcio do monte "Serra Argaios, Cruceiro, Picoto e outros", elenco 3136, na parte das 59,74 hectáreas da súa pertenza, por transformación en convenio; acordo comunicado en escrito 242, do 23 de febreiro de 1996.

2º.- Que o monte foi consorciado no ano 1951 e tiña unha superficie de 203,74 hectáreas, distribuídas así:

ESTAS	52,00 Has.
FIGUEIRÓ	92,00 Has.
GOIÁN	<u>59,74 Has.</u>
	203,74 Has.

3º.- Que por resolución do 13 de xaneiro de 1992, transformáronse en convenio as 92 Has da comunidade de FIGUEIRÓ.

4º.- Que os gastos por traballos e ingresos, na parte do monte que se transforma, foron:

Gastos áta 31-12-95	10.068.219 pesetas
Ingresos, incluída a condonación da débeda lei 13/89	<u>1.863.969 pesetas</u>
Saldo a favor da Administración Fort.	8.204.250 pesetas

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1ª.- Que se aprobe o convenio das seguintes características.

Nome: Montes de Goián.

Elenco: 3615677.

Superficie: 59,74 Hás.

Pertenza: Comunidade de Goián.

Concello: Tomiño.

Saldo inicial: 8.204.250 pesetas.

2º.- Que no sucesivo, as características do Consorcio 3136 sexan as seguintes:

Nome: "Serra Argajo, Cruceiro, Picoto e outros".

Elenco: 3136.

Superficie: 52 Hás.

Pertenza: comuniade de ESTÁS.

Concello: Tomiño.


A descontar da conta, gastos: 10.068.219 pesetas.

A descpmtar da conta, ingresos: 1.863.969 pesetas

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 28 de outubro 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo: Plácido Baamonde López.

VºBº

O DIRECTOR XERAL,



Asdo: Tomás Fernández-Couto Juanas.


ILMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERIA E MONTES.-

Vista o expediente de transformación parcial do consorcio 3136 do monte "SERRA ARGALIO, CRUCEIRO, PICOUTO E OUTROS" Elenco 3136, nun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e a Comunidade de Veciños de Goian, propietaria dos "Montes de Goian", integrados 59,74 Has. do devandito consorcio, e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, entendo que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, así como a cancelación do consorcio na superficie solicitada, por axustarse ó previsto na Lei 5/1997, do Fomento da Produción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 1996.



TECNICO XURIDICO,

Asdo.:  María Díz Rodríguez.

ILMO. SR DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o convenio das seguintes características:

Nome: Montes de Goián
Elenco: 3615677
Superficie: 59,74 Has.
Pertenza: Comunidade de Goián.
Concello: Tomiño
Saldo inicial: 8.204.250 pesetas

2º.- Que no sucesivo, as características do Consorcio 3136 sexan as seguintes:

Nome: "Serra Aragaio, Cruceiro, Pícolo e outros".
Elenco: 3136.
Superficie: 52 Has.
Pertenza: Comunidade de Estás.
Concello: Tomiño.
A descontar da conta, gastos: 10.068.219 pesetas.
A descontar da conta, ingresos: 1.863.969 pesetas

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 1996.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	36	15677
-----	----	-------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. Antonio Luis Rosón Pérez, por delegación do Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta. Orde do 13.12.1993

Da outra, D. Feliciano Costas Fernandez, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común de GOIAN, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 1951

para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade integrada polos veciños da parroquia de GOIAN

e son os que a continuación se describen:

Denominación: Montes de Goián

Termo municipal: TOMIÑO

Provincia: PONTEVEDRA

Situación administrativa e legal: Montes veciñais en Mán Común

Límites:

N.: Montes de Figueiró

S.: Mais monte de Goián

L.:

O.: Termos municipais de Oia e O Rosal

Superficie: 60 Has.

Estado forestal: 34,50 Has. de pinus pinaster e 3,5 Has. de eucaliptus

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: 22 Has.

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:

Sen vexetación arbórea:

Servidumes: Poste repetidor da Telefónica. Tendido eléctrico de A. T. en 2 km.

3ª.— O chan continuará pertencendo a

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 59,74 Has. Consorcio 3136 Montes "Serra Argaio, Cruceiro, Picoto e outros", 2ª segregación,

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o 15 por cento, e a comunidade propietaria, o 85 por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de 25 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será xenero pino
e frondosas

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don RAMONA CELIA FERNANDEZ ALVAREZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común PARROQUIA GOIAN, CONCELLO TOMIÑO

2.— Que, así mesmo, figura Don FELILCIANO COSTAS FERNANDEZ, e Don MARIA DEL CARMEN ALONSO SEISDEDOS, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 26/3/99

E para que conste, expido a presente certificación a 6 de Marzo de 199 6.

Doña Ma del Carmen Alonso Seisdedos, Secretario de Comunidade de Montes Veciñais en Mán Común de GOIAN

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 16 de maio de 1993 estando designado Don Feliciano Costas Fernandez representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Goian a trece de maio de mil novecientos noventa e seis.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O Presidente

Asdo.: Feliciano Costas Fernández.

Asdo.: Ma del Carmen Alonso Seisdedos

D. Feliciano Costas Fernandez TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.(0.13/12/93)



En relación coa solicitude de rescisión total do convenio do monte "De Goián" 3615677, presentada en data 25/02/2007 pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Goián, Tomiño, Pontevedra, infórmolle o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Que os montes denominados "Montes de Goián" clasificáronse a favor dos veciños de Goián, Tomiño, segundo resolución do Xurado Provincial de Montes de data 20 de novembro de 1979, cun total de 398,00 ha.

2º.- Que o 30/10/1966, asinase o convenio número 3615677 denominado montes "De Goián", coa comunidade de Goián cun total de 59,74 ha procedentes do consorcio PO-3136.

3º.-Que, segundo as bases do convenio asinado a Consellaría aporta ao convenio as cantidades necesarias para cubrir os gastos a que dea lugar a súa execución. Na correspondente conta de gastos, o 50% contabilizouse en concepto de subvención sendo o restante 50%, o anticipo reintegrable o interese do 1% anual.

4º.- Que, a duración do presente convenio asinouuse por un período de 25 anos mais segundo o cuarto parágrafo da novena cláusula en calquera momento poderá cancelarse o convenio previo aboamento a Consellaría do Medio Rural do saldo pendente. A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ao titular da propiedade do chan, con exención do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

6º.- Que a Comunidade ten aprobado un Plan Técnico con data do 07/12/2004 con número de rexistro 360 042.

7º.- Que con data do 11/05/2010 a comunidade ingresou 63.240,79 €, importe da débeda para poder rescindir a súa propiedade.

Por todo isto,

PROPOÑEMOS:

1º.- Que se aprobe a rescisión das 59,74 ha do convenio 3615677, denominado "montes de Goián" da pertenza da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Goián, Concello de Tomiño, Pontevedra, sen que por parte da comunidade se teña que reintegrar cantidade ningunha.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2010

O director xeral de Montes

Tomás Fernández-Couto Juana



Excmo. Sr. Conselleiro do Medio Rural.-
Santiago de Compostela.-



En relación co expediente remitido pola D. X. de Montes relativo a rescisión total do Convenio nº 3615677 monte "De Goián" propiedade de Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Goián sito en Tomiño-Pontevedra cunha superficie actual de 59,74 ha, exprésase como criterio desta asesoría xurídica:

1.- Que a citada Comunidade subscribiu con data 30/10/1996 un convenio nº 3615677, denominado "Serra de Argaio, Cruceiro, Picoto e outros" e para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, etc.

No citado convenio establécese que este terá carácter administrativo e a Consellaría de Agricultura interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento. En canto á súa duración sinálase que o convenio será por un período de 25 anos. Transcorrido este tempo, e se a Consellaría, coa súa participación en beneficios que se consegue na cláusula 7ª cubrise o seu saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula 4ª quedará automaticamente extinguido o convenio reintegrándose o chan e as existencias que subistentase á plena posesión do seu titular. En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellaría do saldo pendente.

Segundo o Decreto 318/2009, correspóndelle á consellería de Medio Rural a competencia en materia de montes.

2.- Con data „13/07/2009, o secretario, presenta a certificación do acordo da asemblea de data 25/02/2007 e solicita a rescisión do convenio.

3.- A Disposición adicional segunda da Lei 13/1989, de 10 de outubro de montes veciñais en man común, sinala que as comunidades propietarias de montes de veciños consorciadas ou con convenios coa administración, e con independencia que neles fosen parte os concellos ou Deputacións Provinciais, poderán optar por subrogarse no consorcio ou convenio preexistente, realizar un novo convenio ou resolver o existente....

As débedas dos consorcios realizados pola Administración Forestal do Estado serán condonadas polo importe a que ascendía a débeda no momento da clasificación como veciñal en man común....

En todo caso aquelas comunidades que se beneficien da condonación da débeda e queiran rescindir o consorcio ou convenio terán que presentar sempre un Plan de aproveitamentos e xestión do monte que haberá de ser aprobado pola Administración.

Con data 7/10/2004 apróbase o Plan Técnico.

O 11/05/2010 a comunidade ingresou 63.240,79 € o saldo deudor da conta do convenio.,

4.- O Servizo de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra no seu informe de data 11/05/2010, propón:

Que se aprobe a rescisión das 59,74 has. da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Goián, concello de Tomiño, sen que por parte da comunidade deba reintegrar ningunha cantidade.



5.- A Dirección Xeral de Montes formula a seguinte proposta de Resolución no mesmo sentido que o Servicio Provincial de Pontevedra.

Que se aprobe a rescisión das 59,74 has. da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Goián, concello de Tomiño, sen que por parte da comunidade deba reintegrar ningunha cantidade

6.- En vista de tódolos antecedentes obrantes no expediente administrativo, esta asesoría vistas as disposicións legais de aplicación, informa favorablemente a proposta de rescisión do convenio nos termos establecidos na indicada proposta, correspóndelle a rescisión ao Sr. Conselleiro

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2010

O LETRADO ASESOR



JUAN JOSE LOIS BARCIA

SECRETARIA XERAL DO MEDIO RURAL. DIRECCIÓN XERAL DE
MONTES



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes, e logo dos informes favorables emitidos pola Asesoría Xurídica e polo xefe do servizo de Montes de Pontevedra.

RESOLVO:

1.º Aprobar a rescisión das 59,74 ha do convenio 3615677, denominado “montes de Goián” da pertenza da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Goián, Concello de Tomiño, Pontevedra, sen que por parte da comunidade se teña que reintegrar cantidade ningunha.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2010

O conselleiro



Samuel Jesús Juárez Casado